

BASES SORTEO

“O PETO DOS DESEXOS”

1. Organización – Contacto

O Concello de Allariz, con CIF P3200200H, a través da concellería de Promoción Económica, Turismo e Comercio organiza, dentro da programación do Nadal 2020, o sorteo Peto Dos Desexos.

Contacto: Centro de Promoción Económica, rúa O Portelo 4, 2º. Teléfono 988 442 210.

Email: comercio@allariz.gal

2. Obxecto

Coa fin de promover o comercio local ademais de premiar as persoas que merquen en Allariz durante a campaña de Nadal 2020/2021.

3. Ámbito territorial

O ámbito territorial deste sorteo será todo o comercio e a hostalería do termo municipal de Allariz a excepción cadeas de supermercados.

4. Condicións para participar

Poderán participar neste sorteo toda persoa MAIOR DE IDADE que realice unha compra ou varias por valor mínimo de 30€ nun establecemento comercial ou hostaleiro de Allariz (durante os días 16 de novembro de 2020 ata o 6 de xaneiro de 2021 , ambos incluídos).

Os tíquets de compra deberán ser grampados á tarxeta específica do sorteo e depositada nun dos Petos dos desexos, localizados no alto da rúa Fonteiriña e na entrada da Alameda.

As tarxetas estarán dispoñibles nos comercios e aloxamentos de Allariz e deberán ser cumprimentadas cos seguintes datos (nome e apelidos, DNI, teléfono e procedencia da persoa participante) .

Restricións de participación.

Non poderán participar nin comerciantes nin hostaleiros/as de Allariz participantes na campaña con tíquets do seu propio local. No caso de ser así o premio non será entregado e pasará a un reserva.

5. Premios

- 15 premios de 200€.
- 20 premios de 100€.

Todos os premios deberán gastarse no Comercio e na Hostalería Local, agás nas cadeas de supermercados.

Os premios serán nominativos e soamente se pode optar a un premio por persoa. No caso de saír a mesma persoa para dous premios pasarase a persoa de reserva.

6. Sorteio

O sorteio realizarase o día 8 de xaneiro de 2021, ás 11:30 horas diante do Peto dos Desexos localizado no alto do Portelo.

Mecánica do sorteio

Escollerase ao azar, e por unha man inocente, 70 tarxetas. Primeiro sacaranse 15 tarxetas que gañarán 200€ cada unha, a posteriori sacaranse 20 tarxetas que gañarán 100€ cada unha. O final sacaranse 35 tarxetas de reserva, (15 para o de 200€ e 20 para o de 100€). As persoas de reserva, formarán unha lista por orde de saída, por se ocorrera que algunha das persoas agraciadas non cumprira os requisitos.

O premio deberá ser investido en compras no comercio e hostalería de Allariz (agás supermercados grandes) no prazo comprendido entre o día do sorteio ata o 31 de xaneiro de 2021.

Os premios non poderán ser obxecto de cambio, cesión a terceiros ou compensación en metálico.

7. Comunicación á persoa gañadora

A organización chamará ao teléfono indicado na tarxeta á persoa premiada e será publicado na páxina web do Concello de Allariz (www.allariz.gal/xornal) e nas redes sociais. Se en tres días non se consegue ter contacto ca persoa agraciada pasarase a persoa de reserva.

8. Protección de Datos

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE ALLARIZ, con dirección en PZ MAIOR 1, 32660 – ALLARIZ (OURENSE); concello@allariz.gal. O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE ALLARIZ é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en concello@allariz.gal. Os datos serán utilizados para comunicarse cos gañadores e a xestión administrativa do sorteo, con posterioridade serán destruídos ao remate do mesmo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquer momento. Para elo, CONCELLO DE ALLARIZ dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: concello@allariz.gal

9. Aceptación de bases.

As persoas participantes aceptan as presentes bases e o criterio da organización na resolución de calquera cuestión derivada da campaña “Peto dos Desexos”, polo mero feito de participar na mesma.